



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Corrección de erros nas bases de selección de persoal para formación dunha bolsa de orientadores/as laborais para Programas de Emprego do Concello de Dodro

Corrección de erros nas bases de selección de persoal para formación dunha bolsa de orientadores/as laborais para programas de emprego do Concello de Dodro

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE ORIENTADORES/AS LABORAIS PARA PROGRAMAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

Con data 15/02/2023 ditouse Resolución de Alcaldía núm. 60/2023, que se transcribe literalmente:

“Advertido un erro por omisión nas bases que rexerán a selección, por concurso-oposición, dun/ha orientador/a laboral para programas integrados de emprego do Concello de Dodro e formación dunha bolsa, aprobadas na Xunta de Goberno Local en sesión realizada en data data 06/02/2023, e publicadas no BOP núm. 31, de 14 de febreiro de 2023, de xeito que, na Base “**SEGUNDA Requisitos das persoas aspirantes, letra f)**”, de xeito que onde di:

“ SEGUNDA Requisitos das persoas aspirantes

(...)

f) *Estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de grao.*

Tamén poderán acceder as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(...)”

Debe dicir:

“ SEGUNDA Requisitos das persoas aspirantes

(...)

f) *Estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de diplomatura, grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.*

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(...)”

Considerando a necesidade de proceder á rectificación deste erro, así como o determinado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Rectificar o erro producido no texto das bases que rexerán a selección, por concurso-oposición, dun/ha orientador/a laboral para programas integrados de emprego do Concello de Dodro e formación dunha bolsa, aprobadas na Xunta de Goberno Local en sesión realizada en data 06/02/2023, e publicadas no BOP núm. 31, de 14 de febreiro de 2023 de xeito que **onde di**

“ SEGUNDA Requisitos das persoas aspirantes

(...)

f) *Estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de grao.*

Tamén poderán acceder as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(...)”

Diga:

“ SEGUNDA Requisitos das persoas aspirantes

(...)

f) *Estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de diplomatura, grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.*

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(...)”

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no taboleiro da sede electrónica do Concello de Dodro aos efectos da publicidade do procedemento e xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Dodro, 16 de febreiro de 2023

O alcalde, Francisco Xavier Castro Tourís

2023/1183